

I₂DH (INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE EN HISTORIA)

Coordinador/a: ***Julio Prada Rodríguez***

Participantes: *Jesús de Juana López*
Luis Domínguez Castro
José Ramón Rodríguez Lago
Domingo Rodríguez Teijeiro

Liñas de actuacións

A Área de Historia Contemporánea desenvolve Xornadas de Historia de Galicia para que o alumnado poida ampliar a súa formación e poder estar en contacto con persoas especialistas en diferentes parcelas da historia de Galicia. Tamén leva a cabo cursos de verán relacionados con temas como a Guerra Civil, a represión, a historia local ou a historia con perspectiva de xénero. Ademais véñense realizando xornadas de formación que combinan a docencia presencial coa utilización das TIC e a formación en liña en colaboración con outras entidades alleas á Universidade de Vigo. O cerne destas xornadas son a formación en temas transversais, actividades vinculadas coas materias do currículo, formación en didáctica ou a problemática do ensino-aprendizaxe. Habería que engadir as diferentes edicións das Xornadas O Ensino da Historia na Universidade e o Bacharelato.

As persoas que forman o grupo imparten a súa docencia en cinco facultade distintas nos tres campus da Universidade de Vigo. A heteroxeneidade do alumnado, as diferentes motivacións... esixen unha forma de impartir a docencia que representa unha oportunidade para o intercambio de experiencias.

Obxectivos

Os obxectivos que perseguen o grupo de traballo son o seguintes:

- Promover a creación dun espazo de reflexión que integre e dea continuidade ás accións levadas a cabo de xeito individual polo profesorado da Área de Historia Contemporánea, deseñando unha estratexia de traballo plurianual que permita a planificación cunha visión estratéxica das devanditas accións.
- Xerar un grupo de traballo estable que dea continuidade ás accións desenvolvidas.

- Fomentar o deseño e renovación das metodoloxías docentes activas para favorecer a participación do alumnado na aprendizaxe das diferentes materias que forman parte do encargo docente da área.
- Facilitar a difusión e visibilidade das accións promovidas polo grupo.

Plan de traballo

Durante os vindeiros tres anos o grupo proponse como tarefas fundamentais; a elaboración, a experimentación a avaliación de materiais centrados na Historia das Relacións Internacionais, que conforman diferentes unidades temáticas que se imparten nas materias da Historia do Mundo Actual (Grao de Historia, 3º curso) e Historia do Presente (Grao de Mestre de Educación Primaria) e a integración en unidades didácticas.